

A PINTURA NA EDUCACIÓN A TRAVÉS DE ALFONSO COSTA

Miguel A. Santos Rego *
M^a do Mar Lorenzo Moledo **
Universidade de Santiago
de Compostela

O noso protagonista, Alfonso Costa Beiro, nace no ano 1943 á beira do Atlántico en Noia (A Coruña), onde pasa toda a súa infancia ata que, chegados os dezasete anos, abandona a súa vila natal para trasladarse a Barcelona e comezar unha singradura, xa sen retorno, no mundo da pintura que o levará a acadar prestixiosos premios e recoñecementos tanto a nivel nacional como internacional. Estas dúas tradicións, a atlántica de Galicia e a mediterránea de Cataluña, que configuran a experiencia vital do artista, impregnan a súa creación artística.

Costa é un artista de espléndidos recursos que brotan dun debuxo firme e sabio e dunha riqueza de cor que demostra o seu talento; pero, sobre todo, é un pintor con oficio e imaxinación fantástica, resistente a calquera clasificación formal, que fabula desde o soño e que nos seduce a base de imaxes que inducen ó relato máxico.

Situándonos xa en termos particularmente apropiados para a educación, Alfonso Costa conecta cunha gran tradición na historia da arte pictórica, a de fixar

pautas de acción sociocultural a propósito da arte infantil. Do mesmo xeito que Frank Cizek na Viena de antano, Costa ve arte na arte infantil, e de aí a súa vocación de traballo e de implicación didáctica cos nenos, pondo en práctica métodos e estratexias que enriquecen, amén de estimular, a expresividade de nenas e nenos cos que interacciona, ludicamente, a través da escola de gravado no Liceo de Noia.

Pero a aspiración do mestre non se reduce, simplemente, a que os seus alumnos aprendan a debuxar, senón que ansía que sexan capaces de esporear a súa capacidade de expresión artística. Estaríamos, pois, ante un requirimento basal: lograr un desenvolvemento sostido da capacidade de xulgar a forma, o ton e a cor desde moi cedo.

A conversación que reproducimos de seguido tivo lugar nunha tarde de agosto do ano 2003 na casa-taller que o artista posúe na aldea de Camboño (Lousame) con motivo da preparación da súa participación no Seminario Interuniversitario de Teoría de la Educación (SITE) celebrado en Sitges en novembro dese mesmo ano baixo o lema "Otros Lenguajes en Educación".

* Catedrático de Teoría e Historia da Educación.

** Profesora Titular de Teoría e Historia da Educación.

—*Para vostede ¿que significa pintar?*

—Pintar, significa vivir outra existencia, descubrir outros mundos, na maioría das veces o subconsciente aprópiase dunha parte do noso ser e incúlcanos estrañas fórmulas que debemos descifrar. A arte é un antídoto para curar a timidez e descubrir no noso eu esas parcelas ocultas e sorprendernos con novas visións. Pintar é experimentar, gozando do traballo, sufrir cando non sae como ti desexarías e alédaste ó te ver realizado sobre o lenzo. Polo tanto, vives, maduras, soñas.

—*¿Con que estilo ou tendencia artística se sente máis identificado?*


—En realidade o estilo impono a personalidade de cada individuo. O mundo da arte ás veces está programado por galeristas ou críticos para que certos artistas sexan promovidos e alcancen a fama coa escusa de que os seus traballos son unha referencia do "último", ou sexa, do que se leva hoxe para triunfar neste mundo artístico. Cando pintas ou esculpes, a túa man móvese obedecendo os impulsos do cerebro, el indícache o camiño que debes seguir. As vivencias diarias obríganste a evolucionar para ser máis auténtico e cada trazo vai configurando a nosa linguaxe e convérteas en única.

Ó principio estudaba os clásicos, o Giotto, Velázquez, Goya, contemplando as súas maravillosas obras fun aprendendo a sensibilizarme coa arte deses mestres. Despois de penetrar no mundo do impresionismo, a nova figuración... as miñas ansias de crear fixéronme sentirme un aventureiro e identifícame con esta caste de artistas que plasman o que lles peta con

toda a liberdade; o estilo vén dado pola convivencia íntima coa tea ou a pedra.

—*Para pintar ¿que importa máis, os produtos da mente racional ou os da imaxinación?*

—Racionalizar as nosas vidas é adaptarse a unhas normas de conduta do homo sapiens, pero a imaxinación é primordial para crear. Somos coma as plantas, necesitamos unha poderosa raíz para penetrar na terra e absorber todo o que nos rodea na nosa vida cotiá, pero tamén necesitamos afastarnos deste mundo inzado de tensión e ruídos e voar para viaxar por outras dimensións e entrar no imperio do absurdo, e marabillarnos da nosa imaxe axigantada ou mirarnos no espello dos soños coma un anxo que coas súas ás prateadas abarca o



Rapaza de costas ós espellos do pasado, 2001.

espazo celeste. A forma está dentro de nós, disposta a saír ó mundo dos "cordos"; case sempre vén cargada de imaxinación e, por desgracia, de trastornos psíquicos que alodan a convivencia dos demais.

O racional lévanos moitas veces á rutina; a loucura convértenos en alucinados, o ideal sería metade e metade.

—*¿Que é o xenio (talento) na pintura?*

—Nacemos cunha carga de xenes programados para diferenciarnos os uns dos outros. En certos individuos o potencial creativo xa está presente nese instante ó ser fecundados. Descubrir na nosa existencia ese don é moi importante para que cada persoa esprema ó máximo os seus poderes creacionais e emprenda o camiño da busca do propio eu; posuír esas calidades para crear, para visionar outras dimensións e plasmar todo o que rebole ó teu redor é maravilloso. Existen momentos nos que a nosa mente queda bloqueada e ten dificultades para inventar, deprímeste porque a túa imaxinación non atopa fronteiras opacas, difíciles de traspasar; existe ese misterio no noso interior que, sen programalo, un día te sorprende e todo che sae que dá gloria.

Talvez sexa ese don (talento) o que fai xenial unha minoría de homes e mulleres, ou talvez fosen insuflados coa poderosa luz do entendemento no primeiro minuto de vida terreal. Os xenios non abundan, pero hai un instante na nosa existencia en que somos xeniais.

—*¿Por que cre que a pintura pode ser considerada como outra linguaxe educativa?*



Alfonso Costa

—A pintura, como a música ou calquera outra arte é un estímulo moi eficaz para espertar na xuventude a curiosidade de ilusionarse; cómpre mirar o mundo con outros ollos, a linguaxe dos signos e cores inflúen desde moi cedo no desenvolvemento educativo e sensibiliza os adolescentes para descubrir no noso cerebro o potencial enerxético. Todos posuímos a maioría das veces un 90% desa enerxía para explorar nas cavidades da nosa mente e non nos beneficiamos deses maravillosos poderes que almacenamos no noso intelecto.



Memorias da guerra, 1918

—¿Que funcións cre que pode cumprir a arte, concretamente a pintura, no proceso educativo?

—Os pais ou titores son as persoas máis importantes á hora de educar o neno e co tempo convértense nunha valiosa peza da engrenaxe afectiva do pequeno.

A pintura sensibiliza o ego achegándolle ó individuo as vitaminas necesarias para se manter esperto neste mundo un pouco atrofiado polas máquinas pensantes que relegan o desexo creativo a un lugar apático, sen luz propia.

A función da arte é a de incitar o rapaz a crear o seu propio mundo imaxinativo. Un neno acostumado desde pequeno a ver colgados na parede unha variedade de cadros, polariza a través das meniñas infantís, outra maneira de apreciar unha realidade subxectiva, cargada de emocións. Esa atmosfera colorista vai refinando o seu padal intelectual, e fortalece a súa personalidade creativa. Cada artista

alí representado móstralle ó neno un mundo interior rico en sensacións que no inconsciente do rapaz quedarán gravadas para toda a súa vida. Aquelas cores terrosas, talvez un sol radiante ou quizais un prado azul, toda esa amálgama de cousas que habitan na chaira do lenzo convertíranse nos seus amigos.

O neno desenvolve así de maneira importante os procesos de percepción, interpretación, construción e comunicación da realidade, da súa realidade.

De igual xeito, adestra o seu ollo e a súa man. Aprende a resistencia do físico tamén a capacidade do home para transformar esa materia.

—¿Cre vostede que a arte pictórica pode axudar os alumnos no seu proceso de aprendizaxe?

—Por suposto que si. O alumno necesita estar moi preparado para afrontar os mesmos anímicos que durante toda a súa

existencia vai experimentar. O proceso evolutivo, a aprendizaxe é moi necesaria para puír o carácter do mozo.

Desde o meu punto de vista a pintura ten un poder influente e fortalece o espírito creador.

Porei como exemplo os mozos e nenos que acoden ó curso de gravado que imparto cada verán na Sociedade Liceo de Noia. Esta vila coruñesa ten uns 10.000 habitantes e máis de 300 alumnos de Primaria pasaron polo taller de gravado. ¿Por que non faltan á cita? Sinxelamente, están ilusionados por aprender unha arte nova, a maioría sacrificando días de praia.

O curso dura 15 días e en todo ese tempo experimentaron outro tipo de creatividade; o veneno da arte incrustouse dentro das súas vértebras e moitos deles recoñeceron que gozan máis traballando nesta disciplina ca acudindo ó instituto para estudar outras materias. Acostumáronse a crear. Obviamente, os primeiros días as súas mentes estaban obturadas polos programas informáticos cotiáns que con facilidade atrapan os rapaces.


A arte é unha actividade liberadora da enerxía creativa, que así nunca se esgota senón que se rexenera constantemente.

—¿Que procesos e habilidades se poden desenvolver cando se ensina a pintar?

—O neno pinta sen tabús, vaise facendo maior e o mundo que o rodea axigántase, cre coñecelo, e comeza a chamar a cada obxecto polo seu nome, a habilidade natural que mostraba nos seus primeiros de-

buxos comeza a depauperarse en beneficio duns esbozos máis concretos, pero perden a espontaneidade, desexan imitar os maiores; é a idade crítica entre os 9 e os 14 anos; copian e vólvense máis realistas, e nas súas pinturas aparece outra simboloxía.

A historia da arte ensinounos que moitos artistas despois dunha fructífera vida dedicada a investigar, pasados os anos retornan á frescura da infancia, como se o cerebro necesitase recuperar a inocencia para volver ó principio.



Sonata Marina, 2002.

É todo un proceso evolutivo que enriquece o ser humano; desenvolver a imaxinación, ver e reter todo o interesante educa a conciencia, admitir a soidade como un estado necesario para crear.

As emocións deben ser encamiñadas a prol dunha intelixencia activa, valorando a beleza en todas as súas correntes estéticas, o mundo da cor é amplísimo, pero a sensibilidade non é cega e sabe diferenciar o bo do malo.

—*¿Cando e como se debe empezar a estimular a arte pictórica nos nenos?*

—Desde a tenra infancia debemos estimular o neno a aprender a visualizar todo ese mundo novo que se lle abre ós seus ollos, a súa mente está impoluta e os habitáculos do seu cerebro permanecen baleiros.

A pintura, a música aguzan os poderes

sensitivos e o neno advirte a necesidade de representar o que ve, aprende a coñecer o mundo e trasládao ó papel. Eles constrúen unha realidade simbólica, os seus debuxos xorden espontáneos, carentes de adobíos, baleiros; o sol, as casas, o can..., só esas cousas chaman a atención do neno, son os primeiros balbuceos e senten curiosidade por todo o seu contorno, as cores fascínanos, son libres pintando.



Miguel A. SANTOS REGO e M^a do Mar LORENZO MOLEDO: "A pintura na educación a través de Alfonso Costa", *Revista Galega do Ensino*, núm. 43, maio 2004, pp. 149-154.

Resumo: Alfonso Costa achéganos nesta entrevista á súa obra artística, explica como entende el a pintura, que elementos forman parte da súa actividade e expresa o seu parecer sobre que funcións pode cumprir a arte, concretamente a pintura, no proceso educativo.

Palabras chave: Arte. Pintura. Tendencia artística. Linguaxe. Proceso educativo.

Resumen: Alfonso Costa nos acerca en esta entrevista a su obra artística, explica cómo entiende él la pintura, qué elementos forman parte de su actividad y expresa su opinión sobre qué funciones puede cumplir el arte, concretamente la pintura, en el proceso educativo.

Palabras clave: Arte. Pintura. Tendencia artística. Lenguaje. Proceso educativo.

Summary: In this interview Alfonso Costa presents his artistic work, he explains how he understands painting, which elements take part in his work and he gives his opinion on the functions of art, particularly painting, in the educative process.

Key-words: Art. Painting. Artistic trend. Language. Educative process.

—Data de recepción da versión definitiva deste artigo: 21-01-2004.

